Traballos de limpeza e mantemento no Conxunto arqueolóxico-natural de Santomé.

Ano 2008

Informe valorativo / Memoria técnica

Xulio Rodríguez González
Manuel Xusto Rodríguez

Ourense, 27 de outubro de 2008

02.010.2008.001

Os traballos de limpeza e mantemento no Conxunto arqueolóxico-natural de Santomé desenvolvéronse durante o mes de outubro por parte da empresa Ampeca, baixo a dirección dos asinantes deste informe e de acordo cos catro grandes grupos de actuacións que se explicitaban no proxecto previo:

I) Actuacións de limpeza selectiva e mantemento sobre a vexetación que cubre o conxunto arqueolóxico-natural
II) Consolidación puntual de mampostos correspondentes, fundamentalmente, ás fiadas superiores das fábricas xa anteriormente consolidadas.
III) Reposición de xeotéxtiles danados ou corrección dos alterados por desprazamento e reposición de gravas de cubrición dos xeotéxtiles de acordo co cromatismo xa existente nos diferentes espazos.
IV) Preparación, desde a antiga canteira abandonada no sector oeste do castro, dunha rampa de acceso ao sector sur del para a evacuación de estériles de futuras intervencións.

Os traballos de limpeza non documentaron material arqueolóxico de superficie algún.

I) Actuacións de limpeza selectiva e mantemento sobre a vexetación que cubre o conxunto arqueolóxico-natural.

Unha primeira acción, prioritaria, consistiu en eliminar, ben manual, ben mecanicamente a vexetación nacida nas zonas escavadas e no seu entorno, así como a grande cantidade de folla seca acumulada nesas zonas pola acción do tempo. Eliminación que se completou cun tratamento herbicida para as pequenas herbas ao tempo que tamén dito tratamento presenta un carácter

preventivo de cara a pasivar ou erradicar ese lóxico novo nacemento de pequenas herbas.

Procedeuse tamén en segundo lugar a unha corta selectiva de vexetación -herbácea e en menor medida arbustiva- e en casos puntuais de poda da vexetación arbórea nas zonas principais de acceso ao conxunto arqueolóxico-natural. Nese sentido, dunha banda, desbrozáronse de monte baixo, e podáronse puntualmente, as terras situadas no acceso principal ao conxunto desde a estrada a Tibias, e doutra desbrozouse tamén a vexetación herbácea e arbustiva que medrou no talude situado ao sur da caseta de recepción de visitantes e no lateral oeste do castro, e que como primeira imaxe frontal do conxunto recibe aos visitantes procedentes da ruta de sendeirismo que parte do río Loña.

Finalmente unha terceira acción consistiu, dunha banda, en limpar e reparar os diferentes sendeiros que conforman os itinerarios de visita dentro do conxunto, e doutra en eliminar selectivamente a vexetación herbácea e arbustiva correspondente a todas aquelas zonas perceptibles e recorribles a través dos itinerarios de visita. En relación con este último aspecto tivo un papel prioritario a corta de todos aqueles troncos de érbedos ou de piñeiros afectados por un lume no ano 1995 o que motivou que algúns deses arbustos e árbores tiveran unha morte lenta. A presenza de piñeiros secos é ademais especialmente perigosa sobre todo en días de forte vento, por mor da ruptura provocada acontecida nalgún deles, podendo, polo tanto, poñer en perigo a integridade dos visitantes. Por iso como medida preventiva cortáronse aqueles piñeiros que xa levaban, cando menos, máis dun ano sen vida. No caso dos érbedos, pola súa banda, fíxose unha poda ou descarga de ramas na súa base de cara a facilitar o seu crecemento e conservación.

II) Consolidación puntual de mampostos correspondentes, fundamentalmente, ás fiadas superiores das fábricas xa anteriormente consolidadas.

O paso do tempo e fundamentalmente a acción do home con comportamentos incorrectos -visitantes que nalgún caso soben por riba dos muros- motivaron o desprendemento de pedras das fábricas, especialmente na súa fiada superior ou nas zonas de acceso ás diferentes estancias. Pedras que en xeral estaban caídas e soltas ao pé mesmo do lugar de procedencia. Por iso ditas pedras devolvéronse á súa posición orixinal utilizando para iso o mesmo morteiro EP2H para encintado hidrófugado tipo pedra país escuro que se empregara nos traballos de reconstrución. Morteiro que, en todo caso, xa ós poucos días de secado presenta un aspecto de sábrego local, moi similar ao que argamasaba as fábricas orixinarias e polo tanto non distorsionante coa tecnoloxía construtiva inicialmente empregada. Este morteiro ademais pola súa condición hidrofugante frea a presenza de auga no interior dos muros de tal xeito qua a humidade ao quedar freada xa exteriormente mesmo facilita a presenza de musgos similares aos moi numerosos existentes neste conxunto arqueolóxico-natural.

A reposición de elementos pétreos caídos en ningún caso modificou a preexistente silueta en "ruína" derivada da consolidación anterior baseada no mantemento das proporcións orixinais en altura, salvo que por problemas técnicos ou de recursos didácticos, se quixera resaltar algún aspecto concreto no discurso do xacemento, pero sempre con cautela e tomando dito incremento en altura como unha excepción e non como norma xeral.

III) Reposición de xeotéxtiles danados ou corrección dos alterados por desprazamento e reposición de gravas de cubrición dos xeotéxtiles de acordo co cromatismo xa existente nos diferentes espazos.

O paso do tempo e a acción humana de pisado fixeron que os pisos de gravas que cobren os pavimentos orixinais se visen alterados polo uso, especialmente en zonas topograficamente inclinadas ou de moito tránsito, de tal xeito que mesmo quedou a vista o xeotextil, que se viu, deste xeito, tamén degradado.

Por iso foi preciso, unha vez retiradas as gravas de cubrición, ben recolocar os xeotéxtiles desprazados pola acción de pisado, ben repoñer aqueles sectores de xeotéxtil danados, pero tratando novamente e de xeito previo o pavimento orixinal con herbicida. É entón cando sobre o pavimento orixinal se dispón o xeotéxtil da marca Polyfeltts, na extensión sometida a degradación, pero tendo tamén en conta nas proximidades de muros a perfecta articulación e disposición con respecto a estes, de xeito que dito xeotéxtil impida que as raíces poidan arrancalo e rebrotar por estas zonas.

De seguido sobre o xeotéxtil estendeuse de novo a correspondente capa de grava de 3cm de espesor, de acordo cos cromatismos preexistentes, á súa vez relacionados coa lectura funcional e histórica da superficie escavada, e xa feita en anteriores intervencións.

Cromatismo que, en todo caso, resposta a unha diferente caracterización:

- grava escura -ou puntualmente rubia nalgunhas estruturas da edificación baixoimperial- para os ámbitos ou espazos privados e con cuberta,
- grava rosácea clara para os ámbitos públicos ou de comunicación e sen cuberta,
- sábrego da zona para estruturas preexistentes documentadas no interior e baixo o nivel de pavimento das estancias privadas que articulan a fase de uso posta en valor.

Este tratamento con grava ten tamén no campo da conservación preventiva como obxectivos, os de facilita-la drenaxe, os de retarda-lo crecemento de nova vexetación e os de impedir que a vexetación, a climatoloxía e acción do home alteren os pavimentos orixinais, mentres que no ámbito da posta en valor a súa función prioritaria é a de facilitar unha mellor

visualización e delimitación dos espazos habitacionais xogando cos seus cromatismos funcionais.

A reposición/actualización de gravas afectou a todos os espazos consolidados e postos en valor. Por iso unha vez cuantificada a necesidade de grava para cada espazo, o transporte ata el de dita grava fíxose en sacos, máxime tendo en conta a imposibilidade de chegada dos medios de transporte mecánicos ata as zonas consolidadas.

IV) Preparación, desde a antiga canteira abandonada no sector oeste do castro, dunha rampa de acceso ao sector sur del para a evacuación de estériles de futuras intervencións.

A difícil evacuación de terras nas ladeiras do castro no seus sectores este e sur fixo que se plantexase unha futura zona de evacuación de estériles aproveitando a infraestrutura dunha canteira abandonada no sector oeste do castro, parcialmente reconvertida tamén en zona de acúmulo de estériles procedentes da escavación da croa do castro.

Para facilitar esa circulación entre a canteira e o sector sur desmontouse parte da parede de perpiaños situados no vértice SE da canteira, que foron recolocados sobre a zona inmediata de rocha natural de xeito que, conformándose así unha estreita rampa se establece a comunicación coa zona arqueolóxica correspondente ao sector sur do xacemento.

A rampa, asentada sobre rochedo natural, ten na súa base grandes penedos abandonados procedentes de canteira, mentres que o nivel superior ou de circulación está conformado por cachote miúdo depositado en dita canteira a raíz da eliminación de valados na croa do castro, ao tempo que polo cachote resultante das escavacións na súa croa.

Ourense, 27 de outubro de 2008

Asdo.: Xulio Rodríguez González Manuel Xusto Rodríguez

Lámina I. Estado previo da vexetación nas zonas escavadas. Detalles.

Lámina II. Vistas xerais das zonas escavadas unha vez cortada a vexetación.



Lámina III. Imaxes da folla seca acumulada nas zonas escavadas e da súa retirada.

Lámina IV. Acceso principal ao xacemento antes e despois da corta de vexetación e vista xeral desde dito acceso principal.

Lámina V. Limpeza no comezo do itinerario de visita e da cara oeste do castro.



Lámina VI. Estado previo da vexetación na zona visitable e traballos de corta selectiva.







Lámina VII. Estado final da zona visitable en relación cos itinerarios/sendeiros de circulación.



Lámina VIII. Corta de árbores secas e/ou caídas.

Lámina IX. Recolocación de cachotes caídos nas diferentes fábricas.



Lámina X. Xeotéxtiles en superficie e con problemas de descolocación, rotura ou desprazamento.

Lámina XI. Traballos de recolocación e/ou reparación dos xeotéxtiles e de substitución dos sectores danados.

Lámina XII. Reposición de gravas de acordo cos ámbitos cromáticos de cada espazo.

Lámina XIII. Vista xeral do poboado castrexo rematados os traballos de limpeza e acondicionamento.

Lámina XIV. Vista xeral do poboado baixoimperial rematados os traballos de limpeza e acondicionamento.

Lámina XV. Plano de situación do acceso ao sector sur do castro desde a canteira abandonada.

Lámina XVI. Traballos de preparación dun acceso ao sector sur do castro para a retirada de estériles de futuras intervencións nesta área.